

## COMITÉ INTERCENTROS DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DA XUNTA DE GALICIA

Recóllese a continuación un resumo do tratado no pleno ordinario do Comité Intercentros de Seguridade e Saúde Laboral da Xunta de Galicia, celebrado o 27 de xuño de 2017;

***Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xuntanza correspondente ó 30-03-2017:***

Apróbase a referida acta por unanimidade, tras a aceptación de dúas novas alegacións achegadas ós puntos 5 e 7 por CSI•F.

***Propostas para a mellora do procedemento de avaliación de riscos psicosociais: baremación das preguntas e realización práctica da avaliación.***

Dende CSI•F xa solicitáramos no seu momento que na enquisa que se realiza ó traballador/a para a identificación dos riscos laborais do seu centro se recollesen unha serie de ítems específicos para a valoración específica dos riscos de tipo psicosocial.

Dado o tempo transcorrido e coa finalidade de tentar mellorar o referido cuestionario, dende CSI•F entendemos que as preguntas referidas á cualificación do ambiente laboral nesta enquisa poden reformularse e cuantificarse doutro xeito, motivo polo que presentamos a seguinte proposta:

Proposta de ítem nº32: Tentaría medir a valoración do traballador/a respecto da esixencia ou percepción sicolóxica cuantitativa no desenvolvemento do seu traballo. Englobaría os actuais ítems da enquisa referidos a “ritmo preciso para realizar o traballo” + “horario”.

Proposta de ítem nº33: Tentaría medir a valoración do traballador/a respecto da esixencia ou percepción sicolóxica cualitativa no desenvolvemento do seu traballo. Englobaría os actuais ítems da enquisa referidos a “autonomía para organizar o traballo” + “a monotonía do seu traballo”.

Proposta de ítem nº34: Tentaría medir a valoración do traballador/a respecto da súa percepción sicolóxica emocional cos compañeiros de traballo; Englobaría o actual ítem da enquisa referido a “posibilidade de comunicación cos seus compañeiros”.

Proposta de ítem nº35: Tentaría medir a valoración do traballador/a respecto da súa percepción sicolóxica emocional cos responsables ou xefes do seu centro de traballo;

Englobaría o actual ítem da enquisa referido a “supervisión á que está sometida polos seus mandos directos”.

En consecuencia, a proposta quedaría do seguinte xeito:

Nº	Cualifica o teu entorno ou ambiente laboral	Bo	Regular	Malo
32	Considero que a relación entre o tempo dispoñible e a carga de traballo é ....			
33	A satisfacción no desempeño do meu posto de traballo é ...			
34	A colaboración, a comunicación e a integración co resto de traballadores é ...			
35	A relación e a supervisión por parte dos mandos ou responsables do centro é ..			

Do mesmo xeito, acórdase eliminar do protocolo previsto para a avaliación de riscos psicosociais o paso intermedio consistente na aplicación dunha enquisa específica, polo que no caso de que se identifiquen riscos deste tipo na primeira enquisa facilitada ao traballador, xa se procederá directamente ao seu estudo.

CSI•F tamén expón a problemática relativa á necesidade de garantir que a referida enquisa sexa trasladada aos traballadores. Así, acórdase –a petición da CSI•F- que a maiores do procedemento existente para a súa entrega, o técnico de PRL que proceda a realizar a correspondente avaliación, vaia provisto dun número de 10 exemplares desta enquisa para a súa entrega directa aos traballadores/as, de selo caso.

***Propostas de modificación do funcionamento do comité de seguridade, no relativo a presenza de persoas invitadas e calquera outra que se considere.***

Tras un debate respecto da posibilidade de modificar o regulamento respecto da figura do asesor, acórdase non proceder a ningún tipo de modificación neste senso.